



# ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,  
FORMACIÓN PROFESIONAL E  
UNIVERSIDADES  
I.E.S. GARCÍA BARBÓN – VERÍN  
S A Í D A  
NÚM 24S/00373  
DATA 25/10/2024

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a **convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes **normas**:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/ 1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a CATRO ALUMNOS dun total de CATRO que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- O censo electoral do alumnado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios do vestíbulo. As **reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 7 de novembro.**
- 3.- As **candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 28 de outubro de 2024 ata as 14'00 horas do día 7 de novembro.**
- 4.- A **mesa electoral** estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e DOUS ALUMNOS, actuando o de menor idade como secretario. O **sorteo dos membros da mesa electoral realizarase o día 12 de novembro ás 11:20 horas na Biblioteca do Centro.**
- 5.- A **campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 20 de novembro, ambos días inclusive.** As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.-Cada alumno fará constar na papeleta das eleccións un **máximo de TRES** da lista de candidatos/as.
- 7.- **O voto será directo, segredo e non delegado.**
- 8.- **As votacións realizaranse neste IES o día 22 de novembro, de 9:40 a 11:20 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:30 horas.**





9.- Finalizada a votación procederáse ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.-A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Verín, 25 de outubro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo. María Soledad Gómez Cerradelo

